

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 28 DE MAIO DE 2020

Ás 10:10 horas do día 28 de maio de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 25 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral (asiste a todos os puntos agás os puntos 5 e 6)
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral (asiste aos puntos 5 e 6)
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste ao punto 3a)
D^a. María José Loureiro Bada, xefa do Servizo de Educación (asiste aos puntos 2 e 4)
D. Antonio Villanueva Guimeráns, xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 3b e 11b)
D. Óscar Couce Senra, xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario (asiste aos puntos 5, 6, 8, 9 e 10)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia en Vigo (23.976-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na plataforma de licitación electrónica e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desencriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. AMIL LAGO SERVICIOS GENERALES, S.L.
 2. COMBINA SOCIAL, S.L.
 3. EULEN CENTRO ESPECIAL DE EMPLEO, S.A.
 4. INTEGRA MANTEMENTO, XESTIÓN E SERVIZOS INTEGRADOS CENTRO ESPECIAL EMPREGO GALICIA, S.L.
 5. ELEROC SERVICIOS, S.L. (OSGA)
 6. PRINTES SECURITY ADVICE, S.L.
- b) Outorgar un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación:
1. DIMOBA SERVICIOS, S.L.: falta o anexo VII ao PCAP "grupo de empresas"
 2. SERVICIOS GALLEGOS DE MINUSVÁLIDOS, S.L. DIMOBA SERVICIOS, S.L.: falta o anexo VII ao PCAP "grupo de empresas"
 3. GRUPO SIFU GALICIA, S.L.: falta o anexo VII ao PCAP "grupo de empresas"
 4. ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U.: falta o anexo VII ao PCAP "grupo de empresas"
 5. SEGURSYSTEM EUROPA, S.L.U.: a solvencia técnica declarada polo licitador no DEUC refírese a contratos relacionados coa vixilancia, do mesmo xeito que a táboa de solvencia técnica ou profesional que se achega como documento aparte (documentación esta non esixida nos pregos).
- Lémbrese que o PCAP que rexe esta contratación esixe na cláusula 8.4.3º como solvencia técnica unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos e indica que, para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza, atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.
O CPV deste contrato é 98341130-5 (Servizos de conserxería) segundo o apartado 2B do Anexo I -FEC-, polo que a solvencia técnica do licitador deberá referirse a servizos cuxo CPV teña como primeiros tres díxitos 983.

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de divulgación dos equipamentos municipais dependentes de Patrimonio Histórico (xacementos arqueolóxicos do Castro e Toralla e edificación de Villa Solita) (9.568-307)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L. e VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L.) a este procedemento segundo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 2 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



consta na plataforma de licitación electrónica e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

Acto seguido procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A (documentación persoal e proposición avaliable mediante xuízo de valor).

Á vista da documentación presentada, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días aos dous licitadores presentados para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación. Concretamente, deberá cumprimentar debidamente a parte III do DEUC "Motivos de exclusión":

- a) PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L.: no DEUC presentado non cumprimenta os seguintes aspectos recollidos no apartado A "Motivos referidos a condenas penales":
 - *Corrupción*
 - *Delitos de terrorismo o delitos ligados a las actividades terroristas, Trabajo infantil y otras formas de trata de seres humanos*
 - *Incumplimiento de obligaciones en los ámbitos del Derecho social Según su leal saber y entender*
 - *Situación análoga a la quiebra con arreglo al Derecho nacional*

- b) VAN DIVULGACIÓN CULTURAL S.L.: no DEUC presentado non cumprimenta os seguintes aspectos recollidos no apartado C "Motivos referidos a la insolvencia, los conflictos de intereses o la falta profesional":
 - *Ha cometido una falta profesional grave*
 - *Conflicto de intereses debido a su participación en el procedimiento de contratación*
 - *Participación, directa o indirecta, en la preparación del presente procedimiento de contratación*
 - *Rescisión anticipada, imposición de daños y perjuicios u otras sanciones comparables*
 - *Presentación de declaraciones falsas, ocultación de información, incapacidad de presentar los documentos exigidos y obtención de información confidencial del presente procedimiento*

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento do equipamento hardware e o seu software base para os equipos EMC² Centera para o Concello de Vigo (8.941-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen conflito de intereses co único licitador presentado neste procedemento, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., segundo consta na plataforma de licitación electrónica e no certificado expedido polo Rexistro Xeral. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 3 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Redución do prezo	Bolsa horas
1	INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	32.421,95€	20h

Non asiste público á apertura.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polo licitador.

A Mesa comproba que a oferta do licitador presentado non contén valores anormais de conformidade co previsto na cláusula 18 do PCAP e acorda, en aplicación da cláusula 16.3, outorgarlle a máxima puntuación de conformidade co apartado 7B do Anexo I -FEC-:

	Licitador	Redución do prezo	Bolsa horas	Puntuación total
1	INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	70 puntos	30 puntos	100 puntos

Á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación, acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do servizo de mantemento do equipamento hardware e o seu software base para os equipos EMC2 Centera para o Concello de Vigo (8.941-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación
1	INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. (B-62.758.602), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia técnica esixida no apartado 5 das FEC. A solvencia económica xa foi presentada no expediente nº 9.101-113
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 4 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos auxiliares para a posta en marcha e apertura da sala de lectura-biblioteca de Navia en Vigo (23.976-332)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou conceder un prazo de tres días a varios licitadores para emendar a documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliáveis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo comité de expertos composto polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas, a enxeñeira industrial do Servizo de Electromecánicos e a técnica de Administración Xeral - xefa do Servizo de Inspección de Tributos o 25 de maio de 2020 de valoración do sobre B "proposición avaliábel mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asistencia técnica á dirección de obra municipal para o control e seguimento da execución das obras de "Soterramento do tráfico rodado da Porta do Sol e humanización e transformación peonil da actual rede viaria" (360-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábel mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo total
1	DIAGRAMA INGENIERIA GALICIA, S.L.	378.825,57 €
2	EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.	360.781,34 €
3	UTE G.O.C., S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACIÓN S.L.	308.394,90 €
4	GRUSAMAR INGENIERÍA Y CONSULTING, S.L.U.	325.257,41 €
5	ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.	262.570,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 5 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

	Licitador	Prezo total
6	UTE PROYFE, S.L. - PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. (ZUBIA)	329.434,51 €
7	TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L.	320.694,52 €
8	UTE AQUATICA - INGENIA	318.167,35 €
9	UTE GALAICONTROL, S.L. - GPO INGENIERIA Y ARQUITECTURA, S.L.U.	335.939,79 €
10	UTE INCO, ESTUDIO TÉCNICO, S.L. - URBING, PROYECTOS DE URBANISMO E ING. CIVIL, S.L.	310.490,88 €
11	UTE NOEGA, S.L. - TEMHA, S.L.	313.373,68 €

Asisten á apertura: D. Roberto Núñez de Arenas Basteiro, en representación de GALAICONTROL, S.L.; D. Pablo Coello Pardo, en representación de DIAGRAMA INGENIERIA GALICIA, S.L.; D. Jorge Lorenzo Riveiros, en representación de EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA, S.L.; D. Francisco Javier Zubía Fernández, en representación da UTE PROYFE, S.L. - PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L. (ZUBIA); D. Javier de la Puente Crespo, en representación da UTE G.O.C., S.A. - CAPITEL ARQUITECTURA INGENIERIA E INNOVACIÓN S.L. e D^a María Franco Costas, en representación da UTE AQUATICA – INGENIA. As solicitudes de asistencia á apertura, debidamente asinadas, foron incorporadas ao expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

8.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de "Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos" (431-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores presentados e admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación, lembra aos membros da Mesa que o 15 de maio de 2020, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con CÍES ATLÁNTICO, S.L.U.

Durante o prazo concedido, o licitador presentou documentación o 18 de maio, da que se deu traslado ao servizo xestor.

O 19 de maio de 2020, o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas, a enxeñeira industrial de Víase e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario emitiron informe sobre a xustificación presentada no que conclúen "Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de Contratos do Sector



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 6 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación a exclusión de CÍES ATLÁNTICO, S.L.U. deste procedemento por entender que a súa oferta non pode ser cumprida como consecuencia da inclusión de valores anormais.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” (431-441)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 20 de maio de 2020 de valoración do sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” coa proposta de clasificación, así como informe complementario de data 28 de maio. Ambos os dous informes son aceptados por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Remodelación do enlace do P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” (431-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de SGS TECNOS por non acadar o umbral mínimo de puntuación recollido no apartado 7a do Anexo I -FEC- do PCAP.

Segundo.- Excluir deste procedemento a CÍES ATLÁNTICO, S.L.U. por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, porque non se cumpren os requisitos para considerala xustificada consonte o informe asinado polo enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Obras e Infraestruturas, a enxeñeira industrial de Víase e Obras e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario o 19 de maio de 2020.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde das obras do proxecto de “Remodelación do enlace do



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 7 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

P.Q. 5+000 da autoestrada AP-9V. Tramos: conexión estación intermodal-AP-9, túnel Lepanto-AP-9 e instalacións e balizamentos” (431-441) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	UTE ELE 31, S.L.U - ALAUDA INGENIERÍA, S.A.	91,00
2	ATENEA, S.A.U.	90,07
3	APPLUS NORCONTROL, S.L.U.	84,79
4	SEGURINCO, S.L.	77,80
5	INGENIERÍA Y PREVENCIÓN DE RIESGOS, S.L.	74,07

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE ELE 31, S.L.U - ALAUDA INGENIERÍA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 8 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Primeiro.- Con data do 9 de abril de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

"PRIMEIRO.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo para a contratación de servizos núm. 9075/113, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a contratación, entre outros, de a actualización, soporte e mantemento por dous anos, prorrogables tres mais, do xestor documental Alfresco ,por resultar necesario para o funcionamento básico dos servizos públicos deste Concello, tal e como se motivou na parte expositiva do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación da actualización, soporte e mantemento do servidor documental alfresco 2020-2025:

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 04/02/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.

- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 07/03/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.

- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 13/03/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica

- Memoria xustificativa do contrato de data 13/03/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal

- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 16/03/2020 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 18/03/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 56.870,00 €, que inclúe un IVE de 9.870,00 € , dende o 1 de Maio de 2020 , o cal se imputará ós seguintes exercicios e partidas:

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207.2279902	28,435.00 €
2021	9207.2279902	28,435.00 €

CUARTO.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de maio de 2020 adoptou a seguinte resolución:



"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.	77,50
2	BILBOMATICA, S.A.	73,11

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. (B-70.007.869), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, QUERES TECNOLOGÍAS, S.L., o día 18 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida os días 21 e 25 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 27 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, QUERES TECNOLOGÍAS, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 10 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. de acordo co informe de valoración das proposicións avaliáveis a través de fórmula de data 8 de maio de 2020.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. (B-70.007.869) o procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 54.917,23 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.531,09 euros.*
- b) Propón 10 horas a maiores do mínimo esixido na cláusula 2.A.X do PPT prestadas por técnicos certificados nos produtos, para a implantación das actualizacións e solucións das incidencias con estas.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

b) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 11 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 9 de abril de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Acordar a continuación da tramitación do presente procedemento administrativo de contratación de servizos núm. 9101/113, ao abeiro do establecido na Disposición adicional terceira do Rd 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Decreto 465/2020, ao ter por obxecto a contratación de a actualización e mantemento do software de virtualización VMARE, por resultar necesario para o funcionamento básico dos servizos públicos deste Concello, tal e como se motivou na parte expositiva do presente acordo.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación da actualización, soporte e mantemento do software vmware 2020-2025 :

- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado polo Xefe de servizo de Administración Electrónica de data 09/03/2020 e co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal.
- Resolución de inicio de expediente de contratación de data 09/03/2020 da concelleira Delegada de Xestión Municipal.
- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 11/03/2020 asinado polo xefe de servizo de Administración Electrónica
- Memoria xustificativa do contrato de data 17/03/2020, asinada polo xefe de servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal
- Informe da Xefa do Servizo de Contratación de data 18/03/2020 , sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto , asinado pola técnica de administración xeral do Servizo de Contratación de data 18/03/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto de 30.000,00 €, que inclúe un IVE de 5.206,61 € , dende o 1 de Maio de 2020 , o cal se imputará òs seguintes exercicios e partidas:

Exercicio	Partida	Importe
2020	9207.2279902	10,000.00 €
2021	9207.2279902	10,000.00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 12 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



2022

9207.2279902

10.000,00 €

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 15 de maio de 2020, adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U	100,00
2	EDNON, S.L.	63,57

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U (B-62.758.602), para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV".

Terceiro.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., o día 15 de maio de 2020, que presenta a documentación requirida 26 de maio, dentro do prazo concedido. Unha parte da documentación acreditativa da solvencia técnica (facturas) foi presentada o 28 de maio de 2020, unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, se ben a acreditación da solvencia pode ser emendable (Recomendación da Junta Consultiva de Contratación Administrativa sobre a interpretación dalgúns preceptos do texto refundido da Lei de contratos do sector público tras a modificación realizada pola Lei 14/2013, do 27 de setembro, de apoio aos emprendedores e a súa internacionalización).

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 28 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U., de conformidade co informe de valoración das proposicións avaliadas a través de fórmula de data 8 de maio de 2020 e o informe complementario do 12 de maio.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a INTERNACIONAL PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U. (B-62.758.602) o procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113) coas seguintes condicións:

- *O prezo total do contrato é de 25.177,53 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 4.369,65 euros.*
- *Propón 20 horas a maiores do mínimo esixido na cláusula 2.C.viii do PPT prestadas por técnicos certificados nos produtos, para a implantación das actualizacións e solucións das incidencias con estas.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 14 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:35 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 14:01	Páxina 15 de 15
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A6AF44-CCD821-A78139-GYW3R6-Q79JSG-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		